

Referencia:	2024/11059L
Procedemento:	P2 - Preparación, gestión y adjudicación del contrato
NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL (526)	

INFORME XURÍDICO

-Asunto: Contratación do “Seguro de accidentes colectivos para o persoal da Deputación Provincial de Ourense e dos seus organismos públicos dependentes”.

INFORME DA VICESECRETARÍA

XERAL - ANTECEDENTES:

Único: Con data 12.08.2024 foime remitido desde a sección de contratación desta Deputación, e a través do xestor de expedientes electrónicos MyTao, o encargo consistente na emisión do informe xurídico no expediente de referencia (núm. 2024/11059L).

Como documentos máis significativos do expediente constan a proposta de contratación, o DACI, o RC por importe de 66.000 €, a providencia de incoación, o PCAP e o PPTP, e o informe de fiscalización da intervención provincial.

- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

PRIMEIRA: A **lexislación aplicable** vén constituída pola *Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)*, *Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALGA)*, a *Lei 9/2017, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE (en adiante LCSP)*, o *RD 817/2009, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de contratos do sector público, o RD 1098/2001, que desenvolve o Texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (TRLCAP) e a Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC)*.

SEGUNDA: En canto ao **obxecto deste informe**, o apartado 8 da Disposición adicional 3ª da LCSP, relativo ás normas específicas de contratación das entidades locais, indica literalmente que os informes que a Lei asigna aos servizos xurídicos evacuaranse polo Secretario. Será tamén preceptivo o informe xurídico do Secretario na aprobación de expedientes de contratación, modificación de contratos, revisión de prezos, prórrogas, mantemento do equilibrio económico, interpretación e resolución dos contratos. Corresponderá tamén ao Secretario a coordinación das obrigacións de publicidade e

información que se establecen na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

TERCEIRA: O artigo 25.1 a) 1º. dispón que teñen carácter administrativo, entre outros, os contratos seguintes, sempre que se celebren por unha Administración Pública: os contratos de obra, concesión de obra, concesión de servizos, subministración e servizos.

En canto ao obxecto da contratación proposta, estamos ante un contrato cualificado como **contrato privado do sector público**, de conformidade co disposto no artigo 25.1.a).1º da LCSP e non suxeito a regulación harmonizada, consonte ao previsto no **artigo 22.1º.b) da LCSP**, xa que non supera a cantidade prevista.

Tal e como dispón a remisión que realiza o **artigo 26 da LCSP**, relativo ao réxime xurídico dos **contratos privados das AAPP**, os contratos privados que celebren as AAPP rexeranse, en canto á súa preparación e adxudicación, en defecto de normas específicas, polas Seccións 1.ª e 2.ª do Capítulo I do Título I do Libro Segundo, e polas súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado, segundo corresponda por razón do suxeito ou entidade contratante. No que respecta a o seu efectos, modificación e extinción, estes contratos rexeranse polo dereito privado.

Non obstante o establecido no parágrafo anterior, aos contratos mencionados nos números 1.º e 2.º da letra a) do apartado primeiro do artigo anterior, entre os que se atopa o contrato que estamos a informar, resultaranlles de aplicación, ademais do Libro Primeiro da presente Lei, o Libro Segundo da mesma en canto á súa preparación e adxudicación. En canto aos seus efectos e extinción seranlles aplicables as normas de dereito privado, salvo o establecido nos artigos desta Lei relativos ás condicións especiais de execución, modificación, cesión, subcontratación e resolución dos contratos, que lles serán de aplicación cando o contrato estea suxeito a regulación harmonizada, como é o caso.

CUARTA: En canto ao **inicio** do expediente a súa regulación atopámola non **artigo 116 da citada LCSP** e onde se establece, o que importa aos efectos deste expediente, que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta Lei e que deberá ser publicado no perfil de contratante. O expediente deberá referirse á totalidade do obxecto do contrato, sen prexuízo do previsto no apartado 7 do artigo 99 para os contratos adxudicados por lotes.

Polo que se refire ao **contido e aprobación do expediente de contratación**, os **artigos 116 e 117 da LCSP** indican que *“...ao expediente incorporaranse o prego de cláusulas*

administrativas particulares e o de prescricións técnicas que haxan de rexer o contrato. No caso de que o procedemento elixido para adxudicar o contrato sexa o de diálogo competitivo regulado na subsección 5.ª, da Sección 2.ª, do Capítulo I, do Título I, do Libro II, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas serán substituídos polo documento descritivo a que fai referencia o apartado 1 do artigo 174. No caso de procedementos para adxudicar os contratos baseados en acordos marco convidando a unha nova licitación ás empresas parte do mesmo, regulados no artigo 221.4, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas serán substituídos polo documento de licitación a que fai referencia o artigo 221.5 último parágrafo. Así mesmo, deberá incorporarse o certificado de existencia de crédito ou, no caso de entidades do sector público estatal con orzamento estimativo, documento equivalente que acredite a existencia de financiamento, e a fiscalización previa da intervención, no seu caso, nos termos previstos na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria...”. Igualmente debe incorporarse informe ou documento da Intervención que conteña unha análise no que se cuantifique e valore as repercusións e efectos desta contratación de conformidade co artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOESF) e o artigo 32.3 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de Economía Sostible, no sentido que estableceu a sentenza da Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Supremo do 1 de xullo de 2021 (número 952/2021).

Ademais no expediente de contratación **deben xustificarse adecuadamente os seguintes extremos** “...a) A elección do procedemento de licitación. b) A clasificación que se esixa aos participantes. c) Os criterios de solvencia técnica ou profesional, e económica e financeira, e os criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato, así como as condicións especiais de execución do mesmo. d) O valor estimado do contrato cunha indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo sempre os custos laborais se existen. e) A necesidade da Administración á que se pretende dar satisfacción mediante a contratación das prestacións correspondentes; e a súa relación co obxecto do contrato, que deberá ser directa, clara e proporcional. f) Nos contratos de servizos, o informe de insuficiencia de medios. g) A decisión de non dividir en lotes o obxecto do contrato, no seu caso...”.

Examinado o contido do expediente posto a disposición, resulta que a súa tramitación verificarase mediante o **procedemento aberto** regulado nos artigos 156 a 158 da LCSP e caracterizado porque nel todo empresario interesado poderá presentar unha proposición (sen prexuízo dos requisitos de clasificación, solvencia ou outros determinados no PCAP) e quedando no mesmo excluída toda negociación dos termos do contrato, e será obxecto de tramitación polo **trámite ordinario** previsto nos artigos 116 ao 117 do texto legal de referencia.

Pola súa parte o **PCAP**, que segundo reiterada xurisprudencia constitúe a auténtica lei do contrato (*por todas a STS 19.03.2001*) contén todas as determinacións esixidas polo artigo 122 da LCSP.

Ao tratarse dun contrato **non suxeito á regulación harmonizada**, son preceptivas as publicacións no perfil do contratante e na plataforma de contratos do sector público (ou no seu defecto na de Galicia), pero non no DOUE, todo elo de conformidade co sinalado nos *artigos 135. 1 e 3, 156.2, 3 letra c) e 5, en relación co artigo 63 da LCSP*.

En consideración ao indicado, e examinado o expediente posto a disposición, (núm. 2024/7267E), nel figuran **todos os documentos e xustificacións requiridas pola normativa aplicable**.

QUINTA: No que respecta á competencia como **órgano de contratación**, e á vista do disposto na *disposición adicional segunda da LCSP, no seu apartado primeiro*, e considerando o valor estimado e duración do contrato proposto, esta lle corresponde á Presidencia da Deputación.

SEXTA: Unha vez adxudicado o expediente de contratación, se procedese, débese dar cumprimento as obrigas de publicidade activa (no perfil do contratante, na PCSP e no portal de transparencia), e de remisión de información ao Tribunal de Cuentas e ao Registro de Contratos do Sector Público, previstas nos artigos 63.4, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

CONCLUSIÓN: Infórmase **favorablemente** o expediente de contratación proposto. Este é o meu informe, que emito, sen prexuízo de calquera outro mellor fundado e do que o órgano de contratación e/ou a Corporación Provincial estimen pertinente resolver.